



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de novembro de dous mil dezaseis; as dez da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta e ún de outubro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

Visto o expediente a nome de **DONA MARIA ROSA SANZ PEREZ** con DNI nº 38.472.587-K, con domicilio na rúa Biscaia 358, 6º, 2º esquerda, Barcelona, relativo á subvención para actuacións no 13º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na rúa Fornos nº 18, esquerda.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 1.283,62 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

Visto o expediente a nome de **DON DELMIRO RODRIGUEZ SOTO** con DNI nº 76.696.827-S, con domicilio na rúa Margareten Straben nº 72, Hamburgo, relativo á



subvención para actuacións no 13º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na rúa San Martiño nº 33.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 3.388,61 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Coypor S.L.**, con domicilio na rúa Tecelans nº 2, Polig. Os Coiñas, Ourense, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga Bodegas Loeda S.L. para o inmovible sito na estrada N-120, nº 26, San Paio, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 31-08-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.-

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de setembro 2016, por importe de 2.526 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.



6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.